

1. IDENTIFICACIÓN					
Título da UD		«Aí vén o Maio».			
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA.	Área	Educación artística (Educación Musical).	Nivel	5º
Mestres	Educación Musical. Ciencias Sociais. Valores Sociais e Cívicos. Lingua Galega e Literatura.				
Centro de interese	Maíos e Santa Cruz. Letras Galegas.		Proxecto	«Construíndo o noso Maio».	
Descrición					
Nesta unidade o alumnado vai tocar con toda a orquestra escolar e coas frautas; tamén cantará sobre soportes diversos , empregando como base secuencias informáticas e arquivos de audio sampleados.					
Xustificación					
Ademais dos diferentes cantos de maio conservados, cuxos arranxos se interpretarán dentro do proxecto «Construíndo o noso Maio», o alumnado creará letras para as músicas propostas. Aproveitando o calendario escolar serán tratados diversos contidos relacionados coa literatura culta, dentro das actividades da «Semana das Letras Galegas», incidindo tanto no coñecemento dos poetas do Rexurdimento como na música medieval.					
Contexto					
As datas de maio teñen unha forte consideración no alumnado, polas festividades relacionados cos Maíos e a Santa Cruz (dependendo das zonas de que se trate) e a globalización que viven arredor da conmemoración das Letras Galegas. Aproveitando todo isto, e considerando que o currículo da área de Ciencias Sociais recolle a realización dun proxecto arredor do Camiño de Santiago neste 5º curso, esta UDI parte da asunción de dito proxecto, achegando á interpretación de pezas musicais relacionadas coa temática principal.					

2. CONCRECIÓN CURRICULAR				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comptn.
EDUCACIÓN MUSICAL				
BLOQUE 1. ESCOITA				
▪ j ▪ a	▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. ▪ B1.2. Asistencia a representacións musicais.	▪ B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior	▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	▪ CCL ▪ CCEC
			▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	▪ CCL ▪ CCEC
			▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	▪ CSC
▪ j ▪ h	▪ B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. ▪ B1.4. Acento e pulso.	▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	▪ CCEC ▪ CCL
▪ j	▪ B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores). ▪ B1.6 Identificación dos distintos rexistros de voces graves e agudas así como as posibles agrupacións vocais e corais. ▪ B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.	▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
			▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
			▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	▪ CCEC ▪ CMCCT

			▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical coñecidos.	▪ CCEC
▪ j	▪ B1.12. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.	▪ B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	▪ EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	▪ CCEC ▪ CAA
			▪ EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.	▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CAA
			▪ EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	▪ CCEC ▪ CAA
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL				
▪ j ▪ b	▪ B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións. ▪ B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas. ▪ B2.3. Gravación e rexistro da interpretación. ▪ B2.4. Ditados rítmicos con figuras	▪ B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.	▪ CCEC ▪ CAA
			▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.	▪ CCEC ▪ CAA
			▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.	▪ CCEC ▪ CAA

	de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios. ▪ B2.5. Ditados melódico- rítmicos sinxelos.		▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar.	▪ CAA
▪ j ▪ i	▪ B2.8. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito. ▪ B2.9. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.	▪ CCEC ▪ CD ▪ CAA
CIENCIAS SOCIAIS				
BLOQUE 4. A PEGADA DO TEMPO				
▪ b ▪ d ▪ h ▪ o	▪ B4.4. A península ibérica na Idade Media. ▪ B4.5. Al-Andalus e os reinos cristianos. ▪ B4.6.O Camiño de Santiago. O Románico. O Gótico. Proposta de realización dunha investigación e exposición sobre o Camiño de Santiago.	▪ B4.4. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	▪ CSB4.4.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España. ▪ CSB4.4.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas.	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL

▪ d ▪ h ▪ o	▪ B4.11. Noso patrimonio histórico e cultural.	▪ B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	▪ CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	▪ CSC ▪ CCEC
▪ d ▪ h ▪ o	▪ B4.12. Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Elaboración dunha guía dun museo próximo.	▪ B4.6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	▪ CSB4.6.1. Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	▪ CSC ▪ CCEC
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS				
BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS				
▪ b	▪ B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do	▪ B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	▪ VSCB3.2.1. Aмосa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC

	outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. ▪ B3.4. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa.		▪ VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.	▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			▪ VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	▪ CSC

LINGUA GALEGA E LITERATURA

▪ BLOQUE 2. COMUNICACIÓN EXCRITA: LER

▪ a ▪ b ▪ e	▪ B2.9. Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual. ▪ B2.10. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.	▪ B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.	▪ LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.	▪ CCL
			▪ LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.	▪ CCL
			▪ LGB2.7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			▪ LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.	▪ CCL ▪ CSC

▪ BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA



▪ b ▪ d ▪ e ▪ o	▪ B5.1. escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (refróns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos e cantigas), así como da literatura galega en xeral.	▪ B5.1 escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	▪ LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refróns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
	▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.		▪ LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	▪ CCL ▪ CCEC

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Comprensión lectora	Expresión oral e escrita	TIC	Educación cívica e constitucional	Inclusión de persoas con discapacidade	Igualdade efectiva entre homes e mulleres	Desenvolvemento sostible e medio ambiente	Resolución de conflitos	Educación e seguridade viaria	Creatividade	Autonomía	Iniciativa	Traballo en equipo	Confianza en un mesmo	Sentido crítico	Educación para o lecer	Educación do consumidor
X	X	X		X	X		X		X	X	X	X		X	X	

Tarefa. Cantar e/ou tocar unha cantiga medieval sobre apoio do ODE do curso.

1ª Sesión

Actividade ¹	Exercicio	Observacións
AIM. Coa letra escrita no encerado, escoitar versións da cantiga «Santa María, estrela do día».	Recoñecer voces, familias de instrumentos e agrupacións empregadas. Sinalar a forma propia do <i>virelai</i> , Abb'aA. Marcar pulso e acento con PC; primeiro en dous grupos e, despois, cos pés o acento e coas mans sobre xeonllos o pulso.	https://open.spotify.com/track/5YxYbFE8cwnvZkhEtwxImP https://open.spotify.com/track/2taWWck8A1bUtL0BXvbn7k Observar que con A representamos a mesma música e letra, e coa a a mesma música e letra diferente. Poden practicar outras combinacións de PC.
AD. Aprender a letra da canción.	Identificar a rima e a métrica. Recoñecer a estrutura do texto. Declamalo con intencionalidade. Establecer a prosodia sobre o esquema rítmico da peza, facendo as repeticións.	Recitar a letra todo o grupo simultaneamente. Ir borrando do encerado algúns versos sinalados previamente sen que afecte á declamación. Obrar consecutivamente ata que desapareza toda a letra e reciten de memoria. Traballar de forma idéntica pero de discente en discente, establecendo unha quenda previa de participación (por exemplo, en rolda). Aplicarlle unha declamación máis poética.
AD. Cantar «Santa María, estrela do día».	Interiorizar a medida considerando a prosodia anteriormente realizada. Realizar exercicios de impostación vocal, respiración e emisión previa. Aprender separadamente por seccións. Observar cómo cambia de	Se resulta demasiado agudo para o grupo, comezar un ton baixo e ir subindo por semitóns ao repetir a peza ata acadar a altura precisa. É factible asociar o cambio de ambiente á medida, contando oito compases cos dedos á vista do alumnado. Para os dous últimos exercicios interesa a versión

¹ AIM (Actividades de introdución-motivación). ACP (Actividades de coñecementos previos). AD (Actividades de desenvolvemento). AC (Actividades de consolidación). AR (Actividades de repaso). ARF (Actividades de reforzo). AAV (Actividades de avaliación). AA (actividades de ampliación).

	ambiente menor a maior. Realizar o exercicio de completar compases de 2/4 baleiros. Cantar a primeira parte sobre pedal de fundamental. Observar cómo el pedal debe cambiar en la segunda parte. Cantar a primeira parte en canon a dous.	https://open.spotify.com/track/2B5bndM5l8laq0X3DUPJ06
ARF. Divididos en grupos (mentores) practicar la canción.	Manter o ton empregando como referencia un instrumento de láminas ou a frauta para dar as primeiras notas.	Se non houbera alumnado mentor suficiente distribuír o resto en grupos de titoría entre pares de nivel medio e heteroxéneo o resto cunha máis directa supervisión do profesorado.
AD. Aprender a versión instrumental co grupo escolar por partes e con apoio dos ODE do curso, con ou sen voz engadida.	Ler a partitura de cada instrumento conxuntamente, de xeito que todo o alumnado aprende e practica a totalidade das partes. Separar o fraseo relacionándoo co timbre. Apreciar e respectar os matices escritos na partitura.	Incidiremos na relación entre forma musical e instrumentación, aproveitando a repetición da primeira frase con diferente letra, característica da forma das cantigas de influencia francesa. Así, A sempre leva a melodía na frauta, mentres que en a corresponde aos metalófonos. Tamén temos diferenciado b de b' a través da entrada do metalófono contralto nesta última. B, como conxunción de b e b', é apreciable polo cambio de timbres que dá entrada aos metalófonos e pola aparición dos bongoes. Na instrumentación temos ido máis aló do esperable nunha cantiga medieval, aportando unha serie de apoiaturas presentes nos carillóns. Para versións comparadas recomendamos a escoita e debate, como actividade posible de ampliación, destes enlaces: https://open.spotify.com/track/39aXQyUEHD13Mu3Xx7cyak https://open.spotify.com/track/0jvbiWDQy1ChYG7h39YWmO (cunha idea similar de harmonización que na nosa versión).

2ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións
AR. Cantar «Santa María, estrela do día».	Realizar exercicios de técnica vocal previamente.	Coidar a técnica vocal empregada.
AR. Tocar cos instrumentos o arranxo de «Santa María, estrela do día».	Ler cada parte por separado. Realizar ditados rítmicos e rítmico-melódicos sobre algúns fragmentos recoñecibles da cantiga.	Poden empregarse os ODE do curso como apoio.
AD. Montar a peza completa, con ou sen voz engadida.	Tocar de memoria ou con mínimo apoio da partitura. Escoller o frauta solista que tocará B (b e b'). Aproveitar que moitos xa lembran o arranxo para falar da forma e das características da peza, a figura de Alfonso X “O sabio”, o Camiño de Santiago, etc.	
AAV. Gravar a interpretación para subila ao <i>blog</i> do centro en relación ao proxecto traballado.		
Tarefa. Cantar un maio.		
AD. Ler letra e música do maio.	Aprender a peza por repetición. Analizar rima e métrica e a estrutura do texto.	

AD. Inventar letras que encaixen na melodía para cantar arredor do maio.	Coidar a coincidencia de acentos prosódicos e musicais.	As letras serán recollidas nunha folla aparte que subir ao <i>blog</i> do centro.
AD. Explicar sucintamente o profesorado o programa <i>Musescore</i> .	Abrir unha nova partitura. Empregar o rato para a introdución desde a paleta de notas e figuras.	Facilitarase o enlace para a descarga no <i>blog</i> do centro. A través da PLATEGA a Consellería oferta un curso anual de instrumentación con instrumental Orff no que se traballa extensamente con este programa e que pode interesar ao profesorado.
AA. Transcribir la melodía del maio informaticamente na casa co programa <i>Musescore</i> .		Empregar as diferentes titorías que se atopan na rede, en vídeo ou páxinas.

Tarefa. Cantar unha balada galega.		
3ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións
ACP. Falar entre todos dos poetas do Rexurdimento, os músicos que coñezan, etc.	Respectar a quenda de intervencións. Empregar argumentos e vocabulario axeitado.	Se fora preciso poderíamos subir previamente ao <i>blog</i> do centro información sobre os autores a tratar, Xoán Montes e Aureliano Pereira, con vistas á consulta por parte do alumnado.
AD. Coa letra proxectada, copiada no encerado ou en papel para cada discente, escoitar versións gravadas da peza.	Identificar a rima e a métrica. Recoñecer a estrutura do texto. Atender ao significado do poema. Detectar movementos melódicos pouco habituais.	https://open.spotify.com/track/0sTuATiMn4TK9SVth1LNRU E noutras versións, sexan folk: https://open.spotify.com/track/3FvbGIC8y9j5PJazB9gaMA Ou do coñecido Faustino Santalices: https://open.spotify.com/track/4TNBcMyE9AV5nM9ESYWYld
AD. Intentar cantar a canción lendo directamente a letra.	Colocar a voz correctamente.	É factible empregar os ODE do curso, sea a versión coa melodía na frauta ou ben só co acompañamento do piano. Mesmo, se fora posible, o profesorado coñecedor do instrumento podería

		totala sen demasiado problema.
AR. Cantar e/ou tocar todas as pezas preparadas na unidade con vistas á participación do grupo no festival-exposición organizado arredor do Camiño de Santiago.		

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA						
ACTIVIDADES	MODELO DE PENSAMENTO ⁵	MODELO ENSINO-APRENDIZAXE ⁴	INTELIXENCIAS MÚLTIPLES ³	AGRUPAMENTO ²	RECURSOS DIDÁCTICOS	TMP.
AIM. Coa letra escrita no encerado, escoitar versións da cantiga «Santa María, estrela do día».	Reflexivo. Percepción.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Spotify.	7'
AD. Aprender a letra da canción.	Reflexivo. Memoria.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras.	3'

² Grupo clase; individual; grupos. // Afíns; heteroxéneos; grupos de interese; tutoría entre pares; mentores.

³ Intelixencia lingüístico-verbal. Intelixencia lóxica-matemática. Intelixencia espacial. Intelixencia musical. Intelixencia corporal cenestésica. Intelixencia intrapersoal. Intelixencia interpersoal. Intelixencia naturalista.

⁴ Condutual-instrutivo. Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo. Persoal-individual. Lingüístico. Proxectivo.

⁵ Percepción. Memoria. Comprensión. Aplicación. Análise. Investigación. Síntese. Avaliación. // Reflexivo. Analítico. Lóxico. Crítico. Sistémico. Analóxico. Creativo. Deliberativo. Práctico.

AD. Cantar «Santa María, estrela do día».	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-constructivo. Lingüístico-verbal.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras.	5'
ARF. Divididos en grupos (mentores) practicar la canción.	Práctico. Aplicación.	Social-cooperativo.	Musical. Interpersoal.	Grupo pequeno. Mentores.	Partituras.	10'
AD. Aprender a versión instrumental co grupo escolar por partes e con apoio dos ODE do curso, con ou sen voz engadida.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal. Corporal cenestésica.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	20'
AR. Cantar «Santa María, estrela do día».	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	10'
AD. Tocar cos instrumentos o arranxo de «Santa María, estrela do día».	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal. Corporal cenestésica.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	10'
AD. Montar a peza completa, con ou sen voz engadida.	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	10'

	Memoria.		Corporal cenestésica.			
AAV. Gravar a interpretación para subila ao <i>blog</i> do centro en relación ao proxecto traballado.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Proxectivo.	Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3. Vídeo.	5'
AD. Ler letra e música do maio.	Reflexivo. Memoria.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras.	2'
AD. Inventar letras que encaixen na melodía para cantar arredor do maio.	Práctico. Aplicación.	Lingüístico. Proxectivo. Persoal-individual.	Lingüístico-verbal. Intrapersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo. Afíns.	Partituras. Música mp3.	3'
AD. Explicar sucintamente o profesorado o programa <i>Musescore</i> .	Reflexivo. Comprensión.	Condutual-instrutivo.	Lóxico-matemática.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Ordenador. Proxector/encerado dixital...	15'
AA. Transcribir la melodía del maio informaticamente na casa co programa <i>Musescore</i> .	Creativo. Práctico. Investigación.	Cognitivo-construtivo. Persoal-individual. Proxectivo.	Lóxico-matemática.	Individual.	Ordenador	-
ACP. Falar entre todos dos poetas do Rexurdimento, os músicos que coñezan, etc.	Analítico. Investigación. Síntese.	Cognitivo-construtivo. Persoal-individual. Social-cooperativo. Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Actividade de discusión.	10'
AD. Coa letra proxectada,	Reflexivo.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal.	Grupo clase.	Spotify.	10'

copiada no encerado ou en papel para cada discente, escoitar versións gravadas da peza.	Percepción.		Musical.	Heteroxéneo.		
AD. Intentar cantar a canción lendo directamente a letra.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Lingüístico-verbal.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras.	5'
AR. Cantar a peza completa co apoio do ODE do curso.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	5'
AR. Cantar e/ou tocar todas as pezas preparadas na unidade con vistas á participación do grupo no festival-exposición organizado arredor do Camiño de Santiago.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Cognitivo-construtivo. Social-cooperativo.	Lingüístico-verbal. Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	15'

4. AVALIACIÓN				
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Aspectos a observar para a avaliación	Competencias Clave	Instrumento de avaliación
▪ B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior	▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	Vocabulario técnico axeitado. Argumentos coherentes.	▪ CCL ▪ CCEC	Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	Léxico e expresión. Coherencia dos argumentos.	▪ CCL ▪ CCEC	Método de casos. Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.	Escoita atenta. Respecto aos demais.	▪ CSC	Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	Vocabulario técnico axeitado. Observacións orixinais.	▪ CCEC ▪ CCL	Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir	▪ EMB1.3.1 Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	Vocabulario técnico axeitado.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL	Rexistro do profesorado. Rúbricas.

os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	Vocabulario técnico axeitado. Precisión nas pasaxes sinaladas.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL	Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	Control da figuración. Partes fortes acentuadas. Subdivisións coherentes.	▪ CCEC ▪ CMCCT	Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	Recoñecemento dos elementos. Reproducción exacta.	▪ CCEC	Rexistro do profesorado. Rúbricas.
▪ B1.6 Utilizar distintos recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	▪ EMB1.6.1 Establece unha relación entre o que escoita e o representa nun musicograma ou partitura sinxela.	Aproximación á estrutura.	▪ CAA	Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	▪ EMB1.6.2 Identifica as partes dunha peza musical sinxela representando graficamente a súa estrutura.	Vocabulario técnico axeitado. Aproximación á estrutura.	▪ CAA	Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	▪ EMB1.6.3 Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada	Vocabulario técnico axeitado. Control da notación.	▪ CCEC ▪ CAA	Rúbricas.

▪ B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamientos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.	Vocabulario técnico axeitado. Respecto ás figuras, alturas e indicacións.	▪ CCEC ▪ CAA	Proxectos. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.	Precisión rítmica. Aproximación interválica e melódica.	▪ CCEC ▪ CAA	Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.	Asunción do seu rol no grupo. Respecto ás entradas e intervencións dos demais. Interese por mellorar o resultado obtido.	▪ CCEC ▪ CAA	Proxectos. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar.	Vocabulario técnico axeitado. Interese por mellorar o resultado obtido. Actitude construtiva. Concreción nas apreciacións.	▪ CAA	Método de casos. Proxectos. Debate. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais,	▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.	Corrección na transcripción de cada <i>ostinato</i> . Emprego axeitado de <i>software</i> e <i>hardware</i> .	▪ CCEC ▪ CD ▪ CAA	Rexistro do profesorado.

instrumentos e dispositivos electrónicos.				
---	--	--	--	--

RÚBRICA						
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores				Comp. clave
		A	B	C (mínimo)	D	
B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	Expresa, empregando unha linguaxe técnica precisa, as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	Expresa, empregando unha linguaxe técnica aproximada, as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical e as xustifica convincentemente.	Expresa apreciacións sobre o feito artístico musical, sen xustificalas de xeito convincente.	- CCL - CCEC
	EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	Expresa cunha linguaxe precisa as sensacións, impresións e sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical, xustificando o porqué de xeito coherente e razoado.	Manifesta as sensacións, impresións e sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical, xustificando o porqué.	Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	Entende que unha peza musical lle provoque certa reacción, sen situar o porqué diste feito.	- CCL - CCEC
	EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e	Segue as intervencións e valora as opinións dos demais membros do grupo,	Segue as intervencións, atende ás achegas do resto do grupo, amosando unha	Segue a quenda de intervencións e atende por igual a todos os membros	Escoita as participacións dos demais membros do grupo.	CSC

	das compañeiras.	sendo quen de sinalar pros e contras nelas.	actitude de respecto.	do grupo.		
▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	Describe cunha linguaxe técnica precisa e informa das particularidades e situación dos elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e sons da contorna.	Describe cunha linguaxe técnica aproximada e informa sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e sons da contorna.	Describe e proporciona información sobre os elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e sons da contorna.	Recoñece a existencia dalgúns elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e sons da contorna.	▪ CCEC ▪ CCL
▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	Distingue e clasifica tipos de voces, agrupacións vocais e corais referíndose a elo cunha linguaxe técnica precisa.	Distingue e clasifica tipos de voces, agrupacións vocais e corais referíndose a elo cunha linguaxe técnica aproximada.	Distingue e clasifica tipos de voces, así como agrupacións vocais e corais.	Distingue tipos de voces e agrupacións vocais e corais, pero non é capaz de clasificalas.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
	▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras	Identifica, describe e sitúa exactamente as variacións agónicas e dinámicas presentes nas obras.	Identifica e describe o grao de variación en velocidade e intensidade nas obras escoitadas.	Recoñece e sitúa variacións de velocidade e intensidade nas obras escoitadas.	Recoñece variacións de velocidade e intensidade nas obras escoitadas.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL

	musicais.					
	▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	Recoñece na escrita os compases binarios traballados e auditivamente o de pulsos irregulares.	Recoñece os compases traballados e enche con figuras o binario simple e composto, distinguíndoos auditivamente.	Recoñece na escrita os compases de dous por catro e aproximadamente o de seis por oito.	Recoñece e completa compases de dous por catro.	▪ CCEC ▪ CMCCT
	▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados, os integra nas súas producións basicamente e refírese a eles de xeito preciso.	Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados e os integra nas súas producións basicamente.	Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	Identifica algúns e emprega de xeito aproximado os elementos da linguaxe musical traballados.	▪ CCEC
▪ B1.6 Utilizar distintos recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	▪ EMB1.6.1 Establece unha relación entre o que escoita e o que representa nun musicograma ou partitura sinxela.	Representa a estrutura escoitada en musicogramas diversos así como a través de grafías e partituras sinxelas.	Establece unha relación entre o que escoita e o que representa en musicogramas diversos e partituras sinxelas.	Establece unha relación entre o que escoita e o que representa nun musicograma ou partitura sinxela.	Entende a existencia de seccións pero non as relaciona con representacións gráficas.	▪ CAA

	▪ EMB1.6.2 Identifica as partes dunha peza musical sinxela representando graficamente a súa estrutura.	Identifica as partes dunha peza musical sinxela representando graficamente a súa estrutura diferenciando formas estróficas, binarias, ternarias y rondós.	Identifica as partes dunha peza musical sinxela representando graficamente a súa estrutura e diferenciando formas estróficas, binarias e ternarias.	Identifica as partes dunha peza musical sinxela representando graficamente a súa estrutura.	Identifica as partes dunha peza musical pero non pode representalas graficamente.	▪ CAA
	▪ EMB1.6.3 Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	Representa graficamente e con exactitude os ritmos e intervalos usuais traballados.	Representa graficamente e con exactitude os ritmos traballados.	Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, algúns dos trazos característicos da música escoitada de xeito aproximado.	▪ CAA
▪ B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a	▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.	Interpreta instrumentalmente a só sobre partitura os elementos coñecidos da linguaxe musical, e de xeito aproximado se o fai cantando.	Recoñece e interpreta con partitura en pequeno grupo instrumental e/ou vocal, respectando tempo, matices e indicacións de expresión.	Interpreta con partitura en grupo, apoiándose co oído e respectando o tempo absolutamente, vocal e instrumentalmente.	Recoñece os elementos básicos da linguaxe musical presentes nas partituras das pezas e os reproduce grupalmente de xeito aproximado.	▪ CCEC ▪ CAA
	▪ EMB2.1.2. Traduce á	Transcribe ritmos coas figuras	Transcribe ritmos coas figuras	Transcribe esquemas rítmicos	Transcribe figuras e esquemas sen	▪ CCEC

linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	linguaxe musical convencional melodías e ritmos.	coñecidas en compases simples e, de xeito aproximado, nos compostos, así como movementos melódicos nos motivos traballados.	coñecidas en compases simples e intervalos consonantes.	sinxelos empregando as figuras coñecidas en compases simples.	síncopas nos compases coñecidos.	▪ CAA
	▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.	Interpreta a súa parte vixiando planos sonoros, entradas, equilibrio global e expresión e se preocupa polo resultado global. Emite a voz con certa impostación, mantén a afinación, respecta a afinación, equilibra os planos sonoros e expresa máis aló da música.	Asume o rol que lle corresponde na interpretación colectiva, asume a técnica precisa, entra no lugar que lle corresponde e non se perde durante a execución. Afina durante a execución vocal e respira respectando o fraseo, aplicando unha técnica vocal axeitada.	Interpreta o seu papel na interpretación instrumental colectiva, con certa precisión técnica e sen erros que impliquen a súa perda do resto do grupo. Mantén a afinación ao principio e final da peza e respira nos lugares indicados.	Participa con interese na interpretación vocal e/ou instrumental de conxunto. Canta con letra nunha afinación aproximada.	▪ CCEC ▪ CAA
	▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando	Sinala os erros cometidos empregando unha linguaxe técnica	Sinala o mellorable da interpretación e pon da súa parte para a corrección.	Sinala os erros cometidos de xeito aproximado.	Aprecia a existencia de aspectos mellorables, pero non os sitúa na	▪ CAA

	interese e esforzo por mellorar.	precisa, sendo quen da súa corrección.			interpretación de xeito preciso.	
▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.	Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos complexos.	Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos de certo interese.	Emprega instrumentos, materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.	Emprega instrumentos e materiais para crear acompañamentos.	▪ CCEC ▪ CD ▪ CAA

5. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

Participación das familias	Divulgación social da tarefa	Colaboración de recursos externos e comunidade escolar
Resposta ás cuestións que poidan xurdir ao respecto aos maios e ás Letras Galegas. Control familiar nas procuras guiadas pola rede.	Gravación en audio, vídeo ou soporte informático das interpretacións das obras traballadas; subida ao <i>blog</i> da clase, web do centro ou en arquivo individualizado para o alumnado.	Simultaneidade da unidade coas áreas implicadas.